

## RECLAMACIÓN

SR. DIRECTOR XERENTE DE BEGASA:

Son D./Dna. ...., maior de idade, con DNI nº ....., con teléfono para comunicacións ....., e veño de subscribir coa compañía que vostede dirixe un contrato de subministro de enerxía para o piso no que vivo, sito na rúa ..... da localidade de .....

Logo de recibir toda a información de alta e facturas que emite a súa compañía en castelán púxenme en contacto co Servizo de Atención ao Cliente para solicitarlles que me mandasen a documentación escrita en galego, idioma oficial propio da Comunidade Autónoma onde eu resido. O Servizo neste caso non atendeu ao cliente, posto que me dixeron que non dispuñan desa opción e que se seguía querendo o servizo presentase esta reclamación.

Así que teña por presentada esta queixa formal pola deficiencia dun servizo que considero pouco apropiado duna compañía que realiza unha actividade comercial nunha Comunidade Autónoma que ten unha lingua oficial que a súa compañía non considera hábil para o exercicio empresarial.

En consonancia co anterior, **SOLICÍTOLLE:**

1. Que en diante se sirva **remitirme toda a documentación** escrita propia da nosa relación comercial, **polo menos en lingua galega,**
2. Que no seu defecto, me dea **cumprida explicación** das causas que motivan a negativa: nese caso ademais, quero que me informe sobre os dereitos que me asisten como consumidor para solicitar cambio de compañía subministradora de enerxía.

En todo caso, participolle da miña intención de comunicar o resultado da reclamación ao Servizo Galego de Consumo, á Consellería de Innovación e Industria e á Mesa Pola Normalización Lingüística.

Sen outro particular, e agardando a súa resposta, reciba un cordial saúdo.

Asinado,

En....., a        de                        de 2007

Sr. Luís García Santalla  
Director Xerente de Barras Eléctricas Galaico-Asturianas.  
Fax: 942010968